

Imos de Magosto

O pasado 9 de Novembro, tódalas alumnas e os alumnos do colexio foron de Magosto.

Como cada mañá, as rapazas e os rapaces viñeron ó colexio, pero a xornada non ía ser coma tódalas demáis. Despois de entrar nas aulas coas titores e titores saíron todos ó patio para xogar. Os maiores xogaron un campionato de brilé, mentras os pequenos pasábano ben con xogos típicos do Magosto. Xogaron co paracaídas, con castañas...

Máis tarde xuntáronse e colleron ós abrigos para subir ó monte a comer. Había empanada, chourizos, e castañas. Ó principio parecía que a comida era pouca, pero ó final chegou perfectamente para todos. E eso que algúns repertiron varias veces...

Despois de comer andaron a brincar un rato máis polo monte. Uns corrían, outros



Preparados para o camiño de regreso

xogaban á pelota, outros paseaban.

Non faltaron os que andaban a pintar á xente cos carbuzos de asar as castañas. Os pequenos

fuxían dos grandes e refuxiábanse na capela cos profesores. Pero como había unha fonte alí mesmo, os que non querían volver pintados lavaron a cara antes de emprender o camiño de volta. Cando baixaron, case ninguén levaba a cara negra.

Por fin, chegou a hora de volver ó colexio. Colocáronse todos para a foto de grupo e puxéronse en marcha. O camiño de volta era máis doado, por ser cara abaixo, pero como moita xente xa ía cansada, fíxose máis difícil que a subida. Ademáis, non había moitas gañas de volver para a casa. Cando chegaron ó colexio, os autobuses xa agardaban na porta.

Agora a esperar ata o ano que ven.



Castañas e chourizos para todos.

Fantástica obra no festival de Nadal.

Todo o mundo participou e ata os máis pequenos aprenderon a súa parte.

O principio do festival parecía un pouco desastroso. Xa chegaran as familias para asistir o espectáculo que as nenas e os nenos tiñan

de tódolos asistentes.

Máis tarde viñan as panxoliñas. Os de terceiro e cuarto cantaron en inglés e en español. Os de quinto e sexto



Os alumnos e as alumnas en plena representación.

preparado e resulta que non funcionaban os micros, que levaban funcionando toda a semana durante os ensaios. Houbo un ratiño de tensión, pero finalmente apareceu a avería. Resulta que alguén movera o amplificador e queimáraselle unha peza. Por sorte había outro, e despois de cambialos todo funcionou. Empezou a obra, na que todos e todas se divertiron moito. Cada un tiña o seu papel. Só nun momento alguén se esqueceu de como seguía a cousa, pero enseguida se puido arrancar outra vez, para ledicia

cantaron en inglés. Todo saíu perfecto, aínda que nos ensaios desafinaban moito.

Ó remate do festival viña a comida, que como era Nadal era de festa.




Ó remate da obra non faltaron as panxoliñas.

Concurso de tarxetas de Nadal.

As gañadoras foron enviadas ás casas para anunciar os actos do festival.

Os últimos días antes da festa do Nadal, algúns alumnos e alumnas adicáronse ó deseño das tarxetas para anunciar os festexos ás familias. As máis vistosas serían finalmente seleccionadas para aparecer na comunicación oficial.



Estas foron as gañadoras

Deporte escolar.

Os nenos e as nenas de Lobios van a Bande e participan en tódolos deportes.

Aínda que houbo que esperar ó lado do autobus a que os profesores e as profesoras preparasen todo para as competicións, finalmente todo o mundo puido participar. Houbo partidos de fútbol, baloncesto, xadrez, badminton, balonmán e unha proba cultural.

Tamén estaban alí nenos e nenas de Entrimo, de Muíños, de Bande e d'a Valenzá.

Todo saíu perfectamente e non houbo que lamentar incidentes nin lesionados.

Celébranse as ligas do colexio.

Ofrécense varios deportes.

Ademáis das competicións do deporte escolar, os alumnos e as alumnas do centro tiveron, durante o último trimestre, a oportunidade de participar nas ligas deportivas organizadas polo profe de educación física.

Aínda que disfrutaron participando, todos estiveron pendentes constantemente dos calendarios dos partidos e dos resultados. Gañar sempre é agradable tamén.

Campo a través.

Correron gozando do bonito paisaxe de Muíños.

Muíños é un sitio boísimo para facer deporte. No monte estaba todo moi verde, e preto do embalse a praia estaba limpísima.

Os nenos e as nenas de Lobios tiveron ocasión de poñer en práctica o que aprenden na clase de educación física.

Dúas foron as viaxes a Muíños. O primeiro era correr, e aínda que o primeiro día algúns non quixeron participar, na segunda oportunidade todos e todas quixeron correr. Menos un par de rapaces, que por un malentendido pensaron que non podían.

Os que non levaron roupa deportiva quedáronse coas ganas.

Despois de correr viña o mellor, comendo o bocadillo a



Unha alumna preto da meta.

carón do embalse e xogando cos nenos e coas nenas dos outros colexios. Pero todo o bo termina, e un pouco máis tarde veu o autobus para levar a todos de volta ás clases.

Algúns esforzáronse tanto que chegaron á meta case sen respiración.

Pasámolo moi ben. O mellor de todo foi compartir unha xornada deportiva cos nenos e as nenas dos outros coles da zona, xa que case nunca nos vemos.



Os participantes esforzáronse ó máximo.

Sor Isabel de la Trinidad

Varios alumnos resultan gañadores dun concurso.

Con motivo do Centenario da Beata Sor Isabel de la Trinidad, Carmelita Descalza, a diócese de Ourense invitou ós xóvenes e pequenos a participar nun concurso.

Despois de buscar información sobre Sor Isabel, os nenos do 1º, 2º e 3º ciclo realizaron diversos traballos, cómics, debuxos, poesías,...

Ó noso colexio déronlle dous premios, un individual para a poesía realizada por María Yáñez de 5º e un cómic que fixeron en grupo: Andrea Ramos, Fernando Rodríguez e Uxía Rodríguez, de 5º de primaria. O premio recibírono de mans de D. Luis Quintero Fiúza, Bispo de Ourense, no convento das Carmelitas



Un dos traballos gañadores.

unha gran formación, e conseguiu o primeiro premio de piano do Conservatorio de Dijón.

Moi pronto empezou a experimentar as visitas interiores de Deus, que lle facían coñecer o seu amor e así foi escoitando a súa chamada. Isabel era humana e divina, centrada no interior e vivindo as alegrías da vida.

O 2 de agosto de 1901 entra no carmelo. Unha vida adicada por enteiro á oración. Unha comunidade de relixiosas que viven o ideal de Santa Teresa. Unha sinxeleza no uso das cousas e no trato coas persoas.

O 11 de xaneiro de 1903, ante a comunidade de Dijón Isabel pronuncia os seus votos relixiosos. Síntese invadida por Deus, e por a súa abundante gracia.

O Novo Testamento ten un

Era tan solouna niña
cuando despertó su
dicha
de seguir al Señor, Jesús.
La música le atraía y
también la oración
lo mismo ocurría con la
lectura
y así seguía a Dios.
Era muy joven cuando su
velitase apagó
y entre palabras bonitas
se reunió con Dios,
Luz, Amor y Vida.

María Yáñez (5º de primaria)

lugar privilexiado no seu mundo espiritual, moi especialmente as cartas de San Pablo.

O 9 de novembro de 1906 morre na cidade de Dijón despois dunha longa enfermidade. As últimas palabras que dixo foron: “Vou á Luz, ó Amor e á Vida”



Os debuxos trataban sobre a vida da Beata.

Descalzas.

Biografía.

Isabel nace nun campo militar de Avou, cerca de Bourges (Francia), o 18 de xullo de 1880.

De moi pequena a súa nai decátase de que a súa filla ten talento musical. Inscríbea no Conservatorio onde recibirá

Visita do cole de Arzúa.

Asistimos xuntos a unha demostración por parte da Garda Civil e o Seprona.

Pola mañá cedo asistimos a unha charla no multifuncional de Lobios. Faláronnos dos incendios forestais, as súas causas, como se combaten, etc. Foi moi interesante. No parque do Xurés hai moitos incendios

Despois achegámonos ó colexio, xunto cos nenos e nenas de Arzúa, onde os axentes nos ofreceron unha demostración das ferramentas e dos vehículos. Está claro que moitos compañeiros e



Unha futura axente forestal?

e está moi ben aprender o que se pode facer para previr que sucedan máis a miúdo.

compañeiros teñen bastantes gañas de adicarse a isto cando sexan maiores.

Día das Letras Galegas.

A aula de audiovisuais serviu para proxectar unha presentación e a lectura de poemas de Álvarez Blázquez.



Atendendo á presentación

Aínda que a presentación non era a cousa máis divertida do mundo, aprendimos moitas cousas sobre a vida de Álvarez Blázquez e sobre o difícil que era defender o galego na súa época.

Despois todos comentamos varios dos seus poemas que leron algúns compañeiros e compañeiras.

Papá Noël visita o colexio para darlles agasallos ós alumnos e ás alumnas.

Chegou o último día de cole, durante a comida cun saco enorme.

O día que daban as vacacións, mentras comiamos o postre, alí apareceu. Levaba un saco moi grande do que ía sacando agasallos para todos. Aínda que algúns e algunhas non se

portaron todo o ben que debían, houbo para todos e para todas.

A verdade é que este Papá Noël recordounos a alguén, porque sabemos que era el, que se non...



Repartindo agasallos.

Moito traballo no entroido.

Os disfraces foron elaborados polos nenos e nenas.

As semanas anteriores o entroido foron de moito traballo. Cortar, pegar, pintar, atar... Cada neno e cada nena elaborou o seu disfraz, aínda

Por último, os maiores ían de lápices. Levaban unha punta longa, longa, case non cabían polas portas. Os seus disfraces foron complicados porque os



O segundo ciclo ó completo.

que os profesores e as profesoras axudaron nas partes máis difíciles de facer.

Os pequeniños e as pequeniñas foron de pinturas de cores. Cada un da súa cor. A eles foi a quen máis houbo que axudar, porque había que facer algunhas cousas que eles non poden.

Os do primeiro ciclo ían de pegamentos. Azul e vermello. Co seu caperuzo e todo. Por sorte non pegaban moito.

No segundo ciclo eran rotuladores permanentes. A verdade é que estaban moi logrados, porque sabiamos que eran eles, que se non daríanos gañas de poñernos a pintar.

sombreiros tiveron que ser feitos a medida.



Os lápices do terceiro ciclo.



A merenda. Como lles gusta!

Unha vez que os disfraces estiveron feitos saímos de desfile polas rúas de Lobios. Algúns profesores levaban instrumentos musicais e íamos todos bailando. Quedou todo moi bonito.

Xa pola tarde, preparamos unha merenda con chocolate e pasteis que mandaron algunhas familias. Estaban todos riquísimos. E o chocolate tamén.

Me parece que todos estarían de acordo en que tódolos días no colexio fosen así.

Peregrinación a Celanova.

Fomos coñecer o impresionante mosteiro que San Rosendo fundou na Idade Media.

No mes de Outubro os nenos do 2º e o 3º ciclo de primaria fomos de peregrinación a Celanova. O 2007 foi o Ano Xubilar de San Rosendo xa que se celebraba o MC Aniversario do seu nacemento (907 – 2007). Por este motivo nós quixemos visitar o Mosteiro que el fundou. Acudimos á misa do peregrino, tivemos unha visita guiada polo Mosteiro e por unha exposición que había alí.

Comemos o bocadillo na
Alameda de Celanova,
aproveitando o bo día
que facía.

Comemos na Alameda de Celanova e pola tarde visitamos o pobo de Vilanova.

San Rosendo naceu en Santo Tirso (Portugal), o 26 de Novembro do 907 nunha familia noble. Os seus pais foron Gutierrez Melendez e Ilduara Eriz. O seu pai era o home de confianza do rei Alfonso III. A súa nai recorreu o mesmo camiño de santidad co seu fillo.

Fundou un dos Mosteiros
máis importantes de
España.

Rosendo viviu co seu tío-abuelo Sabarico II, Bispo de Mondoñedo para que o seu lado recibise unha formación humana, intelectual e relixiosa. Continuou a súa formación en Portomarín onde aprendeu latín

e Biblia.

Morre o seu tío Sabarico II e no ano 925 Rosendo aínda que é moi novo é nombrado Bispo de Mondoñedo. Alí estivo dez anos, liberando escravos e oprimidos, restaurando Igrexas e Mosteiros e socorrendo pobres e necesitados.


No ano 940 renuncia ó bispado de Mondoñedo. Funda o Mosteiro de Celanova cos seus bens e os da súa familia. Alí retírase para vivir coma un monxe.

No ano 955 é nombrado polo Rei de León, gobernador de Galicia. En medio de grandes dificultades, é capaz de pór paz entre os nobres enfrontados e divididos. Demostra ser un grande pacificador.

Cara ó ano 965 acepta ser administrador do obispado de Iria-Compostela. Estivo pouco tempo, pero logrou poñer paz e orde nos conflitos, renovar a vida relixiosa e achegar a todos un pouco máis a Deus.

San Rosendo distinguíuse
sobre todo polo seu
carácter pacificador.
Enseñounos que os
conflitos resolvense
sempre falando, e nunca
pelexando.

Polo ano 968 os normandos do norte de Europa entraban polas rías galegas, roubaban e sementaban o terror nos pobos. El non dubidou en poñerse ó



San Rosendo retratado nun debuxo.

fronte dun exército para alonxalos e defender ós campesiños dos seus ataques.

Volta ó mosteiro de Celanova e alí pasa os últimos anos da súa vida como monxe e abade da comunidade. Foi un exemplo para todos polo seu grande amor a Deus e ós irmáns.

O día 1 de marzo do 977, morreu unido a Deus e rodeado dos monxes. Enterrouse no mosteiro e dous séculos despois é declarado santo.

Rapaces e rapazas dunha escola de infantil visitan o colexio.

Aparte de compartir mesa con eles os alumnos e as alumnas do colexio partivparon con eles en diversas actividades, ás que tamén asistiron as familias.



Comendo xuntos no comedor.

O xoves 29 de Maio chegaban, sobre as once e media da mañá. O primeiro que fixeron foi pasar ó salón de actos, onde agardaban tódolas alumnas, e tamén os alumnos, do colexio. Estaban tamén algunhas nais e algúns pais, expectantes para ver o que tiñamos preparado.

A representación da mañá saíu aínda mellor que nos ensaios. No cole haimoitos artistas.

Sáíron ó escenario as nenas e os nenos de terceiro e cuarto, que representaron unha obra que prepararan facía algunhas datas para representar nun concurso de teatro en Bande. Saíu estupendamente, xa que hai moi bos actores e actrices

nesa clase.

Á hora do xantar xuntámonos todos no comedor do colexio, que é moi grande.

A continuación, saíron dúas nenas que leron un texto sobre o día das letras galegas. Unha lía en galego e outra en portugués, para que as profes e as nenas e nenos de Portugal entendesen mellor. Nun momento da lectura pechouse o telón, e cando se volveu abrir estaban no escenario os alumnos e as alumnas de infantil, acompañados por algunhas compañeiras e compañeiros maiores, que tiveran que superar un duro casting para poder cantar en

fronte de todos. Cantaron o himno galego acompañados de dous profesores que tocaban a música. Cantaron de marabilla.

Despois, saíron os nenos e as nenas portuguesas a interpretar unhas danzas que traían preparadas, así coma unha canción en español. Tamén o fixeron moi ben.

Xa chegou entón o momento da comida. Mentras puñan a mesa, os pequenos e as pequenas xogaron un rato, antes de pasar ó comedor.

Ó rematar de comer xa tiveron que coller o autobus para volver a Viana do Castelo. Como en Portugal hai unha hora menos, tiñan que saír cedo para non chegar demasiado tarde.

Aínda que nos invitaron a visitar a súa escola, este ano non pudo ser. A ver se para o curso que vén imos nós a visitar a súa escola e a ver Viana, que disque é moi bonita.



Os profes españois e portugueses compartindo mesa.

LOS SIGNOS.

Michael Paz Dovale

